



POLOS CREATIVOS

SA-8M4-Elas debuxan círculos

Elas debuxan círculos

Achega

- ▶ Tesoira.
- ▶ Pegamento.
- ▶ Modelos fotocopiabiles.
- ▶ Cartón fino.

Observa

Elas debuxan círculos e crean obras de arte. Aprender a trazar e debuxar círculos é máis relevante do que podería parecer a primeira ollada. É unha habilidade básica e a súa importancia esténdese a diversas áreas da vida. Podemos atopar círculos en multitude de obxectos na nosa vida escolar e familiar.

Indaga

- ▶ Pode un círculo dar lugar a unha obra de arte? As nosas 4 artistas así o testemuñan empregando diferentes técnicas e creando impactantes cadros cheos de cor e mensaxes. Coñeces a alguna delas? Algunha vez empregaches os círculos para facer a túa obra de arte?
- ▶ Falemos de círculos e circunferencias. Son termos equivalentes? Estamos a falar do mesmo? Debuxamos o mesmo xerando na nosa folla un círculo ou unha circunferencia?
- ▶ O círculo é considerado unha das figuras xeométricas máis perfectas entre os matemáticos por múltiples razóns. A súa definición é extremadamente simple e é moi sinxelo de debuxar. Pero existen os círculos perfectos? O compás é o noso aliado se buscamos a perfección pero es quen de debuxalo a man alzada? Que truco podes empregar para realizar un círculo perfecto sen axuda? Fíxate nos cadros destas 4 pintoras e observa os seus círculos de cor.

Prototipa

- ▶ Antes de poñernos mans aos círculos imos crear un pequeno libro de mulleres pintoras.
- ▶ Segue as indicacións e crea o teu libro marbilloso. Podes seguir engadindo círculos de cores e personalízalo.
- ▶ Coñeces a alguna outra muller que empregue os círculos nas súas obras? Crea máis libriños coas mulleres inspiradoras que vaias atopando na túa busca co modelo descargable.



Segue o código QR do reverso para descargar o material complementario. Emprega o acceso de convidados.

